

DATA DE
RECEPCIÓN:
16/11/2015

DATA DE
ACEPTACIÓN:
16/12/2015

Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López
e Marta Neira Rodríguez (coords.)


Premios literarios e de ilustración na LIX

Ilust. Luis Beizán, Javier Sande e Daniel Vilas

Vigo/Santiago de Compostela

Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI

2013, 297 pp. (ISBN: 978-84-9914-528-0)



Isabel Mociño González

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

imocino@gmail.com

217

RECENSIONES / RESEÑAS / REVIEWS

A serie de monografías que a Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou, leva publicado dende a súa creación en 2004 suma nove entregas. Desta volta, a temática elixida é a do papel dos premios literarios e de ilustración, ao redor da que os integrantes desta Rede e outros colaboradores convidados desenvolven propostas nas que analizan un dos factores máis influentes dentro dos sistemas literarios, tanto no que se refire á canonización coma ao mercado editorial.

Ao igual ca en entregas anteriores, a obra conta cun traballo marco de carácter teórico, que nesta ocasión está asinado polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Anxo Tarrío Varela, quen introduce de cheo o lectorado no debate sobre o papel que os premios literarios desenvolven na sociedade actual, na que constitúen un elemento fundamental do mercado no que se converteu a literatura. Para isto, e vinculando os premios con conceptos teóricos como os de *canonización*, *campo de poder* ou *esfera pública*, Tarrío Varela esboza un sucinto pero preciso percorrido polas variadas liñas teóricas sistémico-sociolóxicas que xurdiron no século XX da man de autores como Roman Jakobson, Itamar Even-Zohar,

Mociño González, Isabel (2015).
Premios literarios e de ilustración na LIX (2013),
Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, 2, "Recensións", 217-221. ISSN 2386-7620

Roland Barthes ou Jürgen Habermas, autoridades que, dende diversos ámbitos, conflúen nunha mesma apreciación: a transcendental importancia dos galardóns literarios para o establecemento do canon, porque como afirma o profesor Tarrío Varela, “a canonización e lexitimación dun autor, dun xénero, dun título ou dunha tendencia teñen poucas posibilidades de coroarse se non media un galardón de calquera tipo” (p. 30). E é que xa na antigüidade, os poetas celtas, tal e como lembra o estudoso, celebraban certames para desa maneira estimular e motivar os máis sobresáintes en poesía e canto. Os galardóns sucedéronse dende entón para converterse, a día de hoxe, nun elemento fundamental na lexitimación do canon literario e “nunha das estratexias máis gorentosas e rápidas de conseguir unha posición privilexiada” (p. 30) como apunta acertadamente.

Despois deste marco introdutorio, a monografía presenta catro apartados nos que se analizan polo miúdo os galardóns da Literatura Infantil e Xuvenil máis relevantes tanto no ámbito nacional coma internacional e a práctica totalidade dos premios literarios e de ilustración do ámbito ibérico e iberoamericano. Moitas son as voces que reflexionan sobre estes recoñecementos e o papel que deben cumprir, alén das súas características e as da produción dalgunhas persoas premiadas.

Na primeira achega, investigadoras brasileiras céntranse no Premio Andersen e Astrid Lindgren para, seguidamente, destacar a traxectoria de compatriotas que os obtiveron. Neste estudo de Vera Teixeira de Aguiar (Pontificia Universidade Católica de Rio Grande do Sul), Maria Zaira Turchi (Universidade Federal de Goiás) e Alice Áurea Penteado Martha (Universidade Estatal de Maringá) afirmase que os galardóns da Literatura Infantil e Xuvenil exerceron unha función clave de lexitimación e proxección de obras e autores que conducen á constitución dun canon literario. Manteñen, ao igual que fixo Tarrío Varela na introdución, que, malia a existencia dos certames artísticos na antigüidade, houbo que esperar a ben avanzado o século XX para que a Literatura Infantil e Xuvenil fose considerada en importantes galardóns internacionais, como é o caso do Premio Hans Christian Andersen, considerado o pequeno Nobel da literatura, e o Premio Astrid Lingred Memorial Award, concedido polo goberno sueco. Para pechar o artigo analizan a obra de dúas compatriotas que obtiveron estes premios, Lygia Bojunga e Ana Maria Machado, salientando como estes galardóns provocaron a revalorización cualitativa dos seus textos e a súa visibilidade dentro do campo literario, coa conseguinte consagración das escritoras.



de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)

Do plano internacional dáse paso ao ámbito estatal español nun traballo sobre os premios Lazarillo e o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, que son abordados como os de maior repercusión e os que, por tanto, inciden máis no mercado editorial e no eido educativo. Os encargados desta análise son María Victoria Sotomayor Sáez (Universidade Autónoma de Madrid) e Jesús Díaz Armas (Universidade de La Laguna), que defenden a importancia destes premios na conformación do canon literario e no mercado editorial debido, fundamentalmente, ao seu carácter institucional. Resulta moi esclarecedor observar a traxectoria destes premios dende o seu nacemento, a apertura ás diferentes linguas do Estado español e a permanencia no tempo, ademais dos breves comentarios dalgunhas das obras gañadoras, que permiten intuír, máis ca constatar, a evolución da literatura e da sociedade na que se produce.

A parte central deste *Premios literarios e de ilustración na LIX* está constituída por seis traballos centrados en "Os premios literarios e de ilustración no ámbito ibérico", que conforman un completo panorama sobre a incidencia dos premios nas literaturas infantís e xuvenís das linguas peninsulares. En todos os casos as análises de cada ámbito revelan que os premios literarios e de ilustración contribuíron ao afianzamento do canon literario, ademais de observar como de modo claro as empresas editoras apostaron pola canonización que supoñen os premios.

No traballo centrado no ámbito castelán, Ramón F. Llorens García (Universidade de Alacante) e Nieves Martín Rogero (Universidade Autónoma de Madrid) detéñense primeiro nos premios para álbums ilustrados, por seren os que experimentaron un maior incremento no número de convocatorias; marcan a continuidade nos de narrativa e salientan o impulso da poesía e do teatro, nun panorama no que conviven os premios máis emblemáticos co impulso das novas convocatorias, que buscan chegar a un lector cada vez máis competente.

No ámbito catalán, Joana María Cladera Socías (Universidade das Illas Baleares) fai unha panorámica da totalidade dos premios literarios cataláns, atendendo aos tres territorios nos que se instala esta lingua e fixándose nos criterios de selección das entidades que os convocan, así como no perfil dos gañadores. Complementábase esta proposta coa de Gemma Lluch

(Universidade de Valencia) e Caterina Valriu (Universidade das Illas Baleares), "20 anys del Premi Josep M. Folch i Torres: la creació d'un cànon en la Literatura Juvenil catalana", que analizan a repercusión deste galardón convocado pola Editorial La Galera durante as décadas dos anos sesenta, setenta e oitenta, deténdose nalgunhas das obras gañadoras, nas tendencias dominantes (fantasía e novela de aventuras) e a súa conexión coas correntes europeas do momento.

Do ámbito galego, dúas das coordinadoras desta monografía, Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela) e Isabel Soto (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) establecen un esclarecedor panorama dos galardóns que incidiron e inciden na Literatura Infantil e Xuvenil galega, ademais de explicar con detalle a súa influencia na conformación desta, para concluíren que, aínda que é moi relevante a influencia dos premios na canonización de obras e creadores galardoados, a última palabra téñena os lectores e o resto de axentes da comunicación literaria, abrindo unha interesante liña de reflexión sobre o funcionamento do sistema literario e os axentes implicados nel.

Do ámbito portugués ocúpense os investigadores José António Gomes (Instituto Politécnico do Porto), Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro) e Sara Reis da Silva (Universidade do Miño), que analizan a situación en Portugal e as diferenzas con respecto ao panorama español, poñendo de relevo que no seu país o impacto dos premios é máis reducido, así como cuestionábel é a composición dos xurados e, polo tanto, os galardóns non axudan na canonización de obras e autores, malia que si poden influír nas vendas das editoriais.

O ámbito vasco é estudado por Mikel Ayerbe Sudupe, Xabier Etxaniz Erle e Jose Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), que expoñen, ademais dos premios máis significativos da Literatura Infantil e Xuvenil vasca, as tendencias que se observan dentro das obras premiadas, como a maior variedade xéneros, o predominio da fantasía, o recurso á ambientación no presente, nos espazos rurais, con atención a temáticas tanto actuais (multiculturalismo, inmigración...), coma de temáticas semellantes á literatura de adultos (guerra, ficción científica, vampiros...). Detéñense na produción literaria de dous creadores recoñecidos con numerosos premios, como son o escritor Patxi Zubizarreta e a ilustradora Elena Odriozola, para rematar salientando a renovación que se deu na literatura para os máis novos en lingua éuscara da man dos certames literarios.

Péchase o volume con tres estudos sobre os premios literarios e de ilustración no ámbito iberoamericano, concretamente da Arxentina, o Brasil e México. No primeiro caso, a



de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)

profesora Graciela D'Lucca Bialet (Universidade Nacional de Rosario) repasa a evolución da literatura para a infancia e a xuventude na Arxentina e os premios literarios máis relevantes, atendendo na súa sistematización ás entidades convocantes: institucións públicas estatais; fundacións, institucións culturais e organizacións sen ánimo de lucro; e institucións privadas. A seguir, João Luís Ceccantini (Universidade Estatal Paulista “Júlio de Mesquita Filho”) e Thiago Alves Valente (Universidade Estatal do Norte de Paraná) abordan a actuación de certas institucións brasileiras que traballan a prol da visibilidade da Literatura Infantil e Xuvenil, como son a Câmara Brasileira do Livro, a Fundação Nacional do Livro Infantil e Juvenil e a Associação Paulista de Críticos de Arte, ademais doutras entidades de máis recente creación, constatando a vitalidade da literatura para os máis novos e a especial relevancia que adquiren os premios nun país onde os problemas de formación dos lectores son moi graves. Por último, Laura Guerrero Guadarrama e Carolina González Alvarado (Universidade Iberoamericana Cidade de México) explican e analizan algunhas das razóns da tardía maduración do seu sistema literario infantil e xuvenil e o papel dos premios, especialmente os convocados por editoriais, que contribuíron á diversificación de xéneros, propostas e á consolidación dos creadores, con especial atención aos ilustradores, nun sistema no que esta modalidade evolucionou moi ligada ao deseño gráfico.

Todos estes traballos configuran un volume heteroxéneo e moi rico en perspectivas, froito de abordaxes reflexivas, analíticas e críticas sobre un fenómeno que incide directamente na canonización e lexitimación dos sistemas literarios en estudo, como se demostra amplamente. Unha ferramenta imprescindible para calquera persoa interesada na Literatura Infantil e Xuvenil e nos factores que nela interveñen, pois vai atopar un traballo sistematizado e de amplo espectro ao redor do papel dos premios literarios e de ilustración na literatura para os máis novos no marco ibérico e iberoamericano.